

Máis dunha vintena de libros publicados - *Fridom Spik*, *Casa Skylab*, *Cabaret Voltaire*, *Todo a cen*, *A rutina corsaria* e *Plastilina nos pulmóns*, entre outros- avalan o quefacer literario de Jaureguizar e o converten nun referente dun modo de novelar popular no que as relacións humanas acadan un papel preponderante.

O contador de estrelas, novela que vén de ser publicada por Alaguara Obradoiro, non é allea a esta consideración e pon de manifesto unha vez máis que o mundo dos sentimentos convértese nun dos medios máis excitantes nos que pugnan por aflorar as paixóns máis fortes, os instintos máis primarios ou os comportamentos máis insospeitados. Un poder sobrenatural prende na cerna do corazón e asolaga o individuo ata deixalo sen a capacidade de razoar necesaria para afrontar a vida con certa claridade de ideas.

Os meses de xullo e agosto van ser para Antía especiais por varios motivos. A nivel persoal experimenta sensacións xamais vividas, a nivel familiar descobre que algún episodio do seu pasado non se

Mundo de sentimentos

Certa falta de coherencia

MARÍA NAVARRO

axusta á realidade que ela coñecía e mesmo a nivel social comeza a considerar o trato desigualiraio ao outro ou a imaxe sobrevalorada de quen se agocha tras unha fachendosa vestimenta.

É un verán para a rapaza de quince anos protagonista da historia no que percibe que aquilo que o afastaba da nai agora as une, que as apariencias son, a miúdo, enganosas e que é necesario ollar a vida

coa perspectiva abunda para non abandonarse ao abismo dos sentimentos superficiais.

Atribuíamos ou non á ficción determinadas pasaxes do libro, o certo é que varios son os aspectos que manteñen acceso o interese pola lectura; aqueles que teñen que ver coa relación nai-filla, pouco explorada ao comezo e excesivamente franca cara ao final, a atracción polo que é novido-so ou a preocupación polo medio natural. Mais varios tamén son os feitos que desbaratan a historia ou, cando menos, resultan máis ca rechamantes; o engano como procedemento empregado para captar a atención de alguén e para facer mal, a manipulación a que se somenten persoas adultas, as funcións/comportamentos atribuídos a rapaces cáseque imposibles ou o rancor como arma política-social.

Á novela ingredientes atractivos para o lector mozo non lle faltan; canto a un pouco de coherencia, penso que un chisco.

JAUREGUIZAR, O
contador de estrelas, Ed. Alaguara/ Obradoiro, Santiago de Compostela, 2009, PVP 8,50€

